



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Agosto 2024


Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Base 2021. Agosto 2024

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia unha baixada do 0,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 10,7 puntos á do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 1,2%, taxa inferior en 5,3 puntos á do mes anterior.
- A cifra de negocios aumenta en doce comunidades autónomas no mes de agosto.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 0,5% e en España un 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de agosto.


Indicador de actividade do sector servizos. Agosto 2024						
Taxa de variación do índice xeral e achegas dos seus compoñentes en %	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)		
		Interanual	No que vai de ano	Interanual	No que vai de ano	
	Xeral	126,7	-0,6	1,9	-	-
	Venta e reparación de vehículos de motor	128,0	12,1	22,0	0,6	1,1
	Comercio por xunto	117,4	-9,0	-2,7	-4,3	-1,5
	Comercio ao retallo	133,5	3,8	4,0	0,7	0,9
	Transporte	134,1	12,6	4,2	1,2	0,4
	Hostalería	272,5	12,3	4,6	0,9	0,2
	Información e comunicacións	110,4	7,9	14,4	0,2	0,6
	Actividades profesionais, científicas e técnicas	94,2	1,8	6,1	0,1	0,0
	Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,2	4,0	4,7	0,1	0,3



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia unha baixada do 0,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 10,7 puntos á do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 1,2%, taxa inferior en 5,3 puntos á do mes anterior.



O *Comercio*, cun decrecemento do 4,2%, resta 3 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 9,2%. En España a facturación no *Comercio* redúcese o 1,4% e os *Outros servizos* medran o 5,6%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra unha diminución do 9%, co que resta 4,3 puntos a taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 12,1% e o *Comercio ao retalho* aumenta o 3,8%, achegando 0,6 e 0,7 puntos respectivamente á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 5,6% mentres que a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 7,9% e o *Comercio ao retalho* o 3,7%.

Nos *Outros servizos*, os maiores crecementsos rexístranse no *Transporte* (12,6%) e na rama de *Hostalería* (12,3%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 5,6%. O maior incremento prodúcese na *Hostalería* (8,3%).

No acumulado do ano, a cifra de negocios aumenta un 1,9% en Galicia e un 2,8% en España. A *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra o maior incremento tanto en Galicia como en España mentres que *Comercio por xunto* é o sector con maior caída, -2,7% en Galicia e -1,7% en España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 4,9% no mes de agosto.


O sector con maior incremento é a *Hostalería* (13,6%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 6,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de agosto, a cifra de negocios aumenta en doce comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. La Rioja (7,9%), Asturias (7,4%) e Illes Balears (6,2%) son as comunidades con maior incremento da facturación. Os maiores decrecementos rexístranse en Aragón (-1,2%), Madrid (-1,2%) e Murcia (-1,1%).

Nos primeiros oito primeiros meses do ano, a cifra de negocios aumenta en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en La Rioja (10,9%), Illes Balears (6,8%) e Navarra (5,7%). Diminúe a facturación en Aragón (-1%) e País Vasco (-0,4%).

Índices de cifra de negocios. Agosto 2024

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 0,5% respecto ao mes de agosto de 2023, menos que en España (1,6%).

O persoal ocupado crece un 0,5% tanto no *Comercio* coma nos *Outros servizos*. O sector con maior incremento é *Venta e reparación de vehículos de motor* (5,8%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,8% no *Comercio* e un 1,5% nos *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase na *Venta e reparación de vehículos de motor* (2,1%).



No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,5% en Galicia e un 1,9% en España. *Información e comunicacións* rexistra o maior incremento en Galicia. En España, os maiores crecementos rexístranse en *Hostalería*, *Venda e reparación de vehículos de motor* e *Actividades administrativas e servizos auxiliares*.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de agosto con respecto ao mesmo mes do ano 2023. O maior crecemento rexístrase en Canarias (3,4%) e o menor, en Asturias (0,4%).

No acumulado do ano, todas as comunidades incrementan o persoal ocupado, rexistrando o maior crecemento Canarias (3,3%).

Índices de persoal ocupado. Agosto 2024

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Agosto 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	126,7	-0,6	1,9
Comercio	122,6	-4,2	0,6
Venta e reparación de vehículos de motor	128,0	12,1	22,0
Comercio por xunto	117,4	-9,0	-2,7
Comercio ao retallo	133,5	3,8	4,0
Outros servizos	137,7	9,2	5,7
Transporte	134,1	12,6	4,2
Hostalería	272,5	12,3	4,6
Información e comunicacións	110,4	7,9	14,4
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	94,2	1,8	6,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,2	4,0	4,7
España			
Xeral	115,8	1,2	2,8
Comercio	109,1	-1,4	1,2
Venta e reparación de vehículos de motor	105,0	7,9	9,2
Comercio por xunto	101,5	-5,6	-1,7
Comercio ao retallo	127,6	3,7	4,2
Outros servizos	128,1	5,6	5,8
Transporte	124,6	4,6	3,4
Hostalería	215,2	8,3	8,4
Información e comunicacións	102,0	5,9	5,4
Actividades inmobiliarias	107,8	4,7	3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	95,1	7,5	6,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	157,2	2,1	7,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Agosto 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	143,9	4,9	6,2
Comercio	127,3	1,6	5,9
Transporte	128,1	10,4	5,0
Hostalería	297,0	13,6	4,7
Información e comunicacións	115,3	8,0	13,1
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	96,4	2,2	12,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	104,8	4,5	5,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Agosto 2024

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	115,8	1,2	2,8
Andalucía	122,8	1,1	4,7
Aragón	110,5	-1,2	-1,0
Asturias	138,8	7,4	4,8
Balears, Illes	214,6	6,2	6,8
Canarias	151,1	4,4	4,9
Cantabria	133,4	5,2	5,3
Castilla y León	116,8	0,4	3,6
Castilla-La Mancha	115,5	4,2	4,6
Cataluña	111,9	2,8	3,5
Comunitat Valenciana	115,7	1,5	4,4
Extremadura	125,4	3,7	3,8
GALICIA	126,7	-0,6	1,9
Madrid	103,5	-1,2	0,6
Murcia	107,0	-1,1	2,0
Navarra	118,6	0,8	5,7
País Vasco	99,7	-0,8	-0,4
Rioja, La	123,8	7,9	10,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Agosto 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,6	0,5	1,5
Comercio	104,4	0,5	0,6
Venta e reparación de vehículos de motor	101,2	5,8	3,3
Comercio por xunto	103,2	-0,3	0,7
Comercio ao retallo	105,8	-0,1	0,1
Outros servizos	108,0	0,5	2,1
Transporte	101,4	0,9	1,5
Hostalería	119,7	-1,6	1,6
Información e comunicacións	113,0	2,8	3,9
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,9	1,9	2,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	102,7	0,9	2,3
España			
Xeral	108,4	1,6	1,9
Comercio	106,0	1,8	1,8
Venta e reparación de vehículos de motor	105,0	2,1	2,3
Comercio por xunto	102,5	1,3	1,7
Comercio ao retallo	108,6	2,0	1,9
Outros servizos	109,8	1,5	1,9
Transporte	107,6	0,6	1,3
Hostalería	118,8	2,0	2,3
Información e comunicacións	110,8	1,1	2,1
Actividades inmobiliarias	100,8	-0,4	-0,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,7	1,7	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,9	2,0	2,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Agosto 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	108,4	1,6	1,9
Andalucía	108,4	1,4	1,7
Aragón	105,5	1,8	2,1
Asturias	107,3	0,4	1,4
Balears, Illes	133,7	0,8	1,9
Canarias	113,3	3,4	3,3
Cantabria	107,7	1,1	1,3
Castilla y León	104,5	0,5	1,1
Castilla-La Mancha	106,5	1,3	1,1
Cataluña	110,2	2,3	2,3
Comunitat Valenciana	102,9	0,8	1,4
Extremadura	107,4	0,6	1,1
GALICIA	106,6	0,5	1,5
Madrid	108,8	2,1	2,2
Murcia	107,5	0,9	1,9
Navarra	106,2	1,5	1,2
País Vasco	103,7	1,4	1,2
Rioja, La	105,6	0,8	1,9

Fonte: INE